



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Facultade de Ciencias da Saúde**

**Grao en Terapia Ocupacional**

Curso académico 2019- 2020

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Realidades ocupacionais das persoas maiores que  
habitan no rural galego, dende una perspectiva  
crítica.**

Zaira Tasende Villar

**Xuño 2020**

---

## DIRECTORAS

---

### **Inés Viana-Moldes**

Profesora do Grao en Terapia Ocupacional, Facultade de Ciencias da Saúde.

### **Natalia Rivas-Quarneti**

Doutora en Ciencias Sociosanitarias. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional, Facultade de Ciencias da Saúde.

## ÍNDICE

---

DIRECTORAS .....	1
RESUMO .....	4
RESUMEN .....	6
ABSTRACT .....	8
POSICIONAMENTO DA INVESTIGADORA.....	10
1. INTRODUCCIÓN .....	12
1.1 Persoas maiores e envellecemento da poboación: datos estatísticos.....	12
1.2 Envellecemento .....	14
1.3 Xubilación .....	16
1.4 Terapia Ocupacional, Saúde e Xustiza Ocupacional.....	18
1.5 Comunidades rurais, Cidadanía e Cultura .....	20
1.6 Evidencia Actual .....	23
2. BIBLIOGRAFÍA .....	28
3. OBXECTIVOS.....	35
4. METODOLOXÍA.....	36
4.1 Ámbito de estudo.....	36
4.2 Selección de participantes .....	37
4.3 Entrada no campo .....	38
4.4 Recollida da información.....	39
4.5 Análise da información.....	41
4.6 Posibles continxencias.....	42
4.7 Posibles solucións ás continxencias.....	42
4.8 Rigor metodolóxico .....	43
4.9 Aplicabilidade.....	44
5. PLAN DE TRABALLO .....	45
6. ASPECTOS ÉTICOS .....	47
7. PLAN DE DIFUSIÓN DE DATOS .....	49

7.1. Congresos.....	49
7.2 Revistas.....	49
7.3 Comunidade.....	50
8. FINANCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN .....	51
8.1 Recursos necesarios.....	51
8.2 Posibles fontes de financiación.....	53
9. AGRADECIMENTOS.....	54
APÉNDICE I: BUSCA BIBLIOGRÁFICA.....	55
APÉNDICE II: FOLLA DE INFORMACIÓN Ó/Á PARTICIPANTE ADULTO/A.....	60
APÉNDICE III: DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN.....	63
APÉNDICE IV: GUIÓN DA ENTREVISTA.....	64
APÉNDICE V: GRUPO DE DISCUSIÓN E ÁRBORE DAS NECESIDADES E POSIBLES ALTERNATIVAS.....	65
APÉNDICEVII: LISTAXE DE ABREVIATURAS.....	66

## RESUMO

---

**Introdución:** Na última década estase a detectar en toda Europa, un aumento considerable da poboación maior de 65 anos xubilada, especialmente en España. No caso das zonas rurais de Galicia, este fenómeno intensifícase, ata o punto de acadar un 28% da poboación total. Segundo a evidencia actual determinase que as persoas maiores que habitan no rural presentan un cambio de roles e rutinas asociados ao proceso de xubilación así como unha perda de identidade. Ademais, tamén experimentan unha diminución das relacións sociais e un elevado control social por parte da súa comunidade. A isto compre engadirlle a desigualdade no acceso aos recursos. Todos estes factores dan lugar a unha restrición da participación nas súas ocupacións. Por iso, o papel da Terapia Ocupacional é o de afondar, de forma crítica, na realidade ocupacional que están a vivir unha poboación de persoas maiores situada na localidade rural de Ponteceso. Deste xeito, preténdese identificar que factores actúan e de que maneira, así como determinar se se están a producir situacións de inxustiza ocupacional promovendo, nese caso, accións de cambio.

**Obxectivo:** Analizar dende unha perspectiva crítica a realidade ocupacional dun grupo de persoas maiores, xubiladas que residen nunha localidade de Ponteceso, co fin de dar visibilidade, detectar e comprender que factores condicionan o seu día a día.

**Metodoloxía:** A investigación farase seguindo unha metodoloxía cualitativa que permita coñecer diferentes puntos de vista e interpretacións da realidade. Isto enfocárase dende unha perspectiva crítica. Para iso utilizarase o método da etnografía pública así como diversas técnicas de recollida de información como a entrevista semi estruturada, o grupo de discusión e a observación participante, entre outras.

**Palabras Clave:** Terapia ocupacional, xustiza ocupacional, mundo rural, persoas maiores, sustentabilidade, comunidade, cidadanía.

**Tipo de traballo:** Proxecto de Investigación.

---

## RESUMEN

---

**Introducción:** En la última década se está detectando en toda Europa, un aumento considerable de la población mayor de 65 años jubilada, especialmente en España. En el caso de las zonas rurales de Galicia, este fenómeno se intensifica, hasta el punto de alcanzar un 28% de la población total. Según la evidencia actual, se determina que las personas mayores que habitan en el rural presentan un cambio de roles y rutinas asociados al proceso de jubilación, así como una pérdida de identidad. Además, también experimentan una disminución de las relaciones sociales y un elevado control social por parte de su comunidad. A esto también se le suma la desigualdad en el acceso a los recursos. Todos estos factores dan lugar a una restricción de la participación en sus ocupaciones. Por eso, el papel de la Terapia Ocupacional es el de ahondar, de forma crítica, en la realidad ocupacional que están viviendo una población de personas mayores situada en la localidad rural de Ponteceso. De este modo, se pretende identificar que factores actúan y de que manera, así como determinar si se están produciendo situaciones de injusticia ocupacional promoviendo, en cuyo caso, acciones de cambio.

**Objetivo:** Analizar desde una perspectiva crítica la realidad ocupacional de un grupo de personas mayores, jubiladas que residen en una localidad de Ponteceso. Con el fin de dar visibilidad, detectar y comprender que factores condicionan su día a día.

**Metodología:** La investigación se hará siguiendo una metodología cualitativa que permita conocer diferentes puntos de vista e interpretaciones de la realidad. Esto se enfocará desde una perspectiva crítica. Para eso se utilizará el método de la etnografía pública así como diversas técnicas de recogida de información como la entrevista semi estructurada, el grupo de discusión y la observación participante, entre otras.

**Palabras Clave:** Terapia ocupacional, justicia ocupacional, mundo rural, personas mayores, sostenibilidad, comunidad, ciudadanía.

**Tipo de trabajo:** Proyecto de Investigación.



---

## ABSTRACT

---

**Introduction:** Throughout the last decade, it is being detected a considerable increase in the population retired over 65 years old in Europe, especially in Spain. In the case of Galicia's rural areas, this phenomenon is being intensifying, to the point of reaching 28% of the total population. According to the current evidence, it is determined that older people living in rural areas presents a change of roles and routines associated with the retirement process, as well as a loss of identity. They also experienced a decline in social relations and a high degree of social control by their community. In addition to, there is also inequality in access to resources. All these factors result in a restriction of occupational participation. For this reason, the role of Occupational Therapy is to critically examine the occupational reality that an elderly population in the rural area of Ponteceso is experiencing. In this way, the objective is to identify what factors are acting and in what way, as well as to determine if situations of occupational injustice are occurring, promoting, in which case, actions for change.

**Objective:** To analyse from a critical perspective the occupational reality of elderly's retired group people who live in a Ponteceso's locality, in order to get visibility, detect and understand what factors condition their lives

**Methodology:** The investigation will be made following a qualitative methodology that allows to know different points of view and interpretations of the reality. This will be approached from a critical perspective. For this purpose, it will be used the method of public ethnography, as well as various techniques for collecting information such as semi- structured interviews, discussions group and participant observation.

**Keywords:** Occupational therapy, occupational justice, rural world, older people, sustainability, community, citizenship.

**Type of paper:** research project.

---

## POSICIONAMENTO DA INVESTIGADORA

---

O interese polo tema a tratar no presente Traballo de Fin de Grao (TFG) xorde debido a estreita relación que presenta a autora coa comunidade participante neste proxecto. Esta naceu e desenvolveu toda a súa vida ata a actualidade nun núcleo de poboación situado no rural galego, no concello de Ponteceso. Isto fíxolle posible observar a forma de vida das persoas que ali habitan. Dado que a súa localidade está composta principalmente por persoas maiores o foco do seu interese recaiu precisamente nese colectivo. Ao longo do tempo puído observar que pouco a pouco a poboación se iba avellentando posto que a natalidade do lugar é casi nula e os adultos novos ou de mediana idade se trasladan a cidade a realizar os seus estudos universitarios (como no caso da investigadora) ou a buscar un emprego. En base a isto, o núcleo de poboación viuse conformado casi na súa totalidade por un conxunto de persoas maiores que se foron xubilando progresivamente ao longo dos últimos dez anos.

A pesar do cese da actividade produtiva remunerada da maioría das persoas, as cales se dedicaban en gran medida á produción agrícola e gandeira, séguese observando a día de hoxe unha actividade agropecuaria considerable, polo que se presume que as persoas continuaron desempeñando esa ocupación a pesar de encontrárense en idade de xubilación.

Outro factor rechamante que identificou a investigadora foi que gran parte dos veciños non parecen asistir a ningún recurso de ocio proporcionado polo concello nin formar parte de ningunha entidade asociativa, a pesar de que existen asociacións veciñais que actúan en núcleos de poboación próximos.

Estas apreciacións poden levar a pensar que existe un modelo de envellecemento similar asociado a diversos factores comúns que

experimenta esa poboación. Por iso, como estudante do Grao en Terapia Ocupacional, á investigadora pareceulle interesante afondar na realidade ocupacional que se está a vivir, intentando analizar que determinantes actúan e de que modo.

Mediante unha perspectiva crítica, o coñecemento do entorno rural e dos factores persoais, culturais e sociais que envolve a este grupo de persoas maiores, permitirá poñer de manifesto as posibles inxustizas ocupacionais que se poidan dar en torno ao seu proceso de envellecemento. Deste xeito, este proxecto servirá de altofalante para unha pequena parte da sociedade posibilitando así a identificación da problemática actual e a manifestación das necesidades ocupacionais da poboación, co fin de proporcionar un punto de partida para a transformación social.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

---

### 1.1 Persoas maiores e envellecemento da poboación: datos estatísticos

Un fenómeno importante que se está a producir na actualidade a nivel global é o aceleramento do envellecemento da poboación. Segundo a OMS, prevese que no ano 2050 a poboación maior de 60 anos acadará unha porcentaxe do 22%, o dobre cá rexistrada no 2015 (1) . Aínda así, os datos actuais vaticinan que esta previsión se pode acadar antes do esperado, xa que nos países considerados como máis desenvolvidos, a taxa de persoas maiores de 65 anos xa se encontra no 19% do total da poboación debido ao aumento da esperanza de vida e ao descenso da natalidade (2) .

Esta tendencia tamén se está a dar dentro da Unión Europea (UE), posto que se estima un incremento demográfico que vai dende os 511 millóns rexistrados en 2016 a 520 millóns en 2070. Dentro destes parámetros, a poboación en idade laboral (dos 16 ao 65 anos) pasaría dos 333 millóns a uns 292 millóns (3). Isto quere dicir que a pirámide poboacional tende á inversión, como xa se pode observar na seguinte figura que recolle as cifras da poboación europea no ano 2019 (4). Que este fenómeno suceda pode dar lugar a déficits nos sistemas públicos debido á redución da poboación activa e ao incremento daquelas persoas dependentes dalgunha prestación por parte do estado. De producírense restricións a nivel económico e social, un dos colectivos máis prexudicados sería o das persoas maiores por esa falta de recursos.




Figura 1: Pirámides poboacionais de Europa, España e Galicia.

Situándonos nas cifras que competen ao noso país, segundo os datos que arroxa o Instituto Nacional de Estatística (INE) no primeiro mes do 2019, pódese observar que o número de adultos maiores de 65 anos ascende a uns 9.055.580, o cal representa ao 19,7% da poboación total española. Así pois, esta distribución varía segundo o territorio, rexistrándose diferenzas entre as poboacións urbanas e rurais.(5) Como se amosa na seguinte figura, pódese observar que no ámbito rural a poboación se encontra máis avellentada xa que tanto o índice de mozos como o de persoas en idade laboral é inferior en comparación as poboacións urbanas.




Figura 2: Comparativa entre a división de poboación por idades entre o ámbito rural e urbano.

Por último, unha das comunidades autónomas españolas onde estes fenómenos que vimos describindo se tornan máis notorios, trátase

de Galicia (6). En base aos datos que se extraen do Instituto Galego de Estatística (IGE) podemos situar a esta no terceiro posto das comunidades autónomas máis avellentadas, con 679.196 persoas maiores de 65 anos, é dicir un 25,16% da poboación total da comunidade galega (7).

## 1.2 Envellecemento

Unha vez analizados os datos anteriores cabe explicar de que se trata o fenómeno do envellecemento. Malia que non existe una definición universal, varios autores expertos na materia como son Lehr, Laforest, Gómez e Curcio (8), concordan en que se trata de un *“proceso dinámico, multifactorial, e inherente a todos os seres humanos”*. Por outro lado, a OMS aclara que este é un *“proceso fisiolóxico que comeza na concepción e ocasiona cambios, característicos para as especies, durante todo o ciclo da vida”* (1). Deste xeito, os cambios poden ocasionarse tanto a nivel morfolóxico, funcional, psicolóxico ou social (8). Atendendo a este último, o envellecemento pódese considerar un proceso de cambio que ten lugar na sociedade, onde un individuo, dentro do seu papel como cidadán, pode chegar a mudar os roles que leva a cabo, as súas relacións sociais ou o seu estilo de vida. Deste xeito, algúns autores estiman que *“ser vello ou ancián considérase en función da definición establecida pola sociedade”* (9). Ademais, moitos outros como Carvalho, Silva, Lima e Galhardoni, apoian a idea de que o envellecemento debe de ser entendido dende diferentes perspectivas, non só como un fenómeno individual, senón como un colectivo. É dicir, considerando a vida política, social, cultural e económica das persoas maiores como membros que son da comunidade (10).

Disciplinas como a Antropoxerontoloxía e a Etnoxerontoloxía tamén ofrecen o seu punto de vista sobre este fenómeno. A primeira entende o envellecemento como un acontecemento que se da dentro dunha cultura, onde se toman en consideración diferentes elementos biolóxicos naturais,

como pode ser a idade dunha persoa, e baseándose niso asígnanselle uns determinados dereitos, deberes, tarefas ou privilexios (11). Pola súa parte, autores como Crivos afirman que a Etnoxerontoloxía “*aborda o envellecemento atendendo á forma en que o conciben os propios actores nas distintas sociedades. Deste xeito, pódese chegar a avaliar as diferenzas e similitudes entre diferentes culturas ou entre membros de un mesmo grupo*” (12).

Un aspecto no que concordan ambas disciplinas de estudo é que o proceso de envellecemento é ambiguo e multidimensional e vese determinado por factores Interculturais e Intraculturais que depende do propio individuo, como poden ser o xénero, os feitos históricos nos que se desenvolve e a súa historia de vida en xeral (13)(14).

A partir de esta forma de entender o envellecemento xorden novos termos como o “envellecemento activo”, este foi definido a finais dos anos 90 pola OMS como “*un proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade, co fin de mellorar a calidade de vida á medida que as persoas envellecen*” (15). Isto é, xa non só se contempla a actividade como algo puramente físico atendendo a aspectos biomecánicos, senón que se concibe como a produtividade que as persoas maiores seguen xerando na súa comunidade a través da súa participación social e a interacción co entorno que os arrodea.

Ao longo deste traballo abordarase o envellecemento entendéndoo como un fenómeno complexo e dual. Por unha parte visualizarase como un proceso colectivo que están a vivir un grupo de persoas nun entorno e contexto determinados. Deste xeito, terase en conta como se leva a cabo a participación na comunidade e o exercicio da cidadanía a partir das circunstancias comúns que poden estar a experimentar ese grupo de pares. Por outra banda, tamén se lle prestará especial atención aos significados individuais que lle outorgue cada individuo, así como a aqueles aspectos sociais que os determinen tales coma o xénero, a historia de vida, as súas crenzas e outros.



### 1.3 Xubilación

As persoas maiores que habitan no núcleo poboacional obxecto de estudo xa non desempeñan ningún tipo de actividade remunerada posto que na actualidade se encontran xubilados. Por iso, pódese dar o caso de que as súas actividades diarias se viran modificadas. Do mesmo xeito, cabe a posibilidade de que continuaran a realizar as mesmas tarefas, dende o mesmo rol do traballador ou plantexándoo dende outro enfoque.

Para comezar, cabe destacar que a xubilación se trata de unha situación socioeconómica a que acceden as persoas que cesan a súa actividade laboral e profesional e que contan con unha serie de requisitos que, no caso de España sería presentar 67 anos de idade ou 65 anos e unha cantidade de anos superiores a 38,5 cotizados á Seguridade Social. Aínda que existen excepcións á norma xeral en función de determinadas situacións da persoa ou do grupo profesional ao que pertence (16)(17). Esta é entendida por algúns autores como *“unha nova realidade que implica unha reformulación da experiencia vital no uso do tempo, nas experiencias físicas, na dedicación intelectual e no significado social da persoa, e todo elo supón unha resposta psíquica global do individuo”*(18) .

En base a isto, pódese dicir que o proceso da xubilación trae consigo unha serie de cambios importantes na vida das persoas. En primeiro lugar, prodúcese a perda do rol do traballador o que implica que a persoas deixe de rexer os seus horarios en función da actividade laboral, podendo chegar a xerar unha confusión ou desequilibrio á hora de distribuír o tempo e as actividades ao longo do día. Outro ámbito que pode sufrir modificacións tamén é o que implica ás relacións persoais. Isto pode producir unha perda do contacto cos compañeiros de traballo ou unha diminución da interacción social fora do ámbito familiar e do fogar (19)(20).

Por último, non hai que esquecer que na maioría dos casos os ingresos económicos que percibe o individuo unha vez se xubilou son inferiores ao que recadaba exercendo unha actividade laboral o que pode ocasionar situación de carencia de recursos ou dependencia de terceiros.

Ademais, compre facer fincapé en que algunhas persoas consideran este paso do abandono da vida laboral como o cese do seu aporte á comunidade e a sociedade na que viven, chegando a crer que a súa importancia como cidadán pasa a un papel secundario (18)(19)(20).

O que resulta indiscutible, é que os cambios de vida e de hábitos que se poidan dar nun individuo despois de que este se xubile, van estar estreitamente determinados polas situacións e as características persoais de cada un e tamén, polo entorno e contexto no que este se desenvolve.

Atendendo a todo isto, podería resultar axeitado realizar unha preparación previa e este proceso que é a xubilación. Para iso, Atchler (21) propón cinco fases a seguir: a primeira sería a prexubilación, onde a persoa propón plans e fantasea acerca do que pode facer ou sobre o que lle gustaría levar a cabo unha vez esté xubilado e conte con máis tempo libre. Logo chega a fase da xubilación, onde a persoa pode reaccionar de xeito que contemple este feito como a posibilidade de realizar unha gran cantidade de actividades de ocio, ou todo o contrario, un momento para relaxarse e descansar. Máis tarde estaría a fase de desencanto, onde a persoa se da conta de que non todo o que tiña plantexado para esta etapa da vida se pode levar a cabo e, a partir dese momento, prodúcese a reorientación, onde a persoa identifica que posibilidades ten na realidade e que cousas resultan viables para poder facer. Finalmente, chega a etapa de estabilidade, onde a persoa se adapta de forma adecuada a súa nova situación (21).

#### 1.4 Terapia Ocupacional, Saúde e Xustiza Ocupacional

A Terapia Ocupacional foi definida pola WFOT (Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais) (22) como *“unha profesión sanitaria centrada no cliente que se ocupa de promover a saúde e o benestar a través da ocupación e cuxo obxectivo principal é permitir que as persoas participen nas actividades da vida cotiá”*. Para lograr estes resultados compre *“traballar con persoas e comunidades para mellorar a súa capacidade de participar nas ocupacións que desexan, necesitan ou se espera que realicen, modificando a ocupación ou o entorno para apoiar o seu compromiso ocupacional”*.

Pola súa parte, a APETO (Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais) (23), tamén ofreceu unha definición da disciplina, entendendo esta como *“unha profesión socio-sanitaria que a través da valoración das capacidades e problemas físicos, psíquicos, sensoriais e sociais do individuo pretende, cun adecuado tratamento, capacitalo para alcanzar o maior grao de independencia posible na súa vida diaria, contribuíndo á recuperación da súa enfermidade ou facilitando a adaptación á súa discapacidade”*.

No noso país a lexislación vixente recolle no RD 1393/2007 a necesidade de posuír un título oficial de Grao para levar a cabo o exercicio desta profesión no cal se deberán impartir unha serie de contidos compilados nun plan de estudo consensuado a nivel estatal . Estas especificacións recóllense na Orden CIN/729/2009 (24).

Tendo en conta o citado ata o momento, a Terapia Ocupacional tamén ofrece o seu punto de vista acerca dos dereitos das persoas e a súa natureza e xeito de interactuar no mundo. Enmarcándose dentro do Paradigma Social compréndese aos humanos como seres ocupacionais que se desenvolven tanto de forma individual como colectiva dentro dun determinado ecosistema contextualizado nun tempo e espazo socio-histórico concretos (25). Deste xeito, prodúcese unha relación intrincada entre as persoas, o seu entorno e as ocupacións. Estas últimas son

entendidas como un fenómeno multifactorial xa que se veñen determinadas por diversos elementos de carácter político, social, cultural, económico, ecolóxico, entre outros (26).

A partires da comprensión da ocupación como fundamento político e de identidade, tamén se adopta o Paradigma Crítico, que aínda que non é exclusivo da disciplina, pódese aplicar a esta. Este basease na crenza da dignidade humana e na capacidade de cambiar a realidade existente (27). Por iso, anima á práctica da Terapia Ocupacional dende unha visión crítica e transformadora naqueles casos onde se estea a producir a ameaza da diversidade cultural ou se estean dando situacións inxustas ou pouco éticas. Desta forma avogase polo desenvolvemento tanto dos individuos como da comunidade de forma equitativa, sostible e respectando os dereitos humanos (25)(26).

Entre eses dereitos básicos cos que contan as persoas encóntrase o dereito á saúde. Por iso, na Carta de Ottawa (28) determínase que a acción adecuada en prol da saúde pública de todos é que os servizos públicos avoguen polos dereitos dos cidadáns e se lles proporcionen os recursos necesarios para o seu benestar mental, físico e social. Para iso, unha persoa ou grupo teñen que ser “*capaces de identificar e realizar as súas aspiracións, satisfacer as súas necesidades e cambiar ou adaptarse ao medio*” (28). Para que isto ocorra é fundamental que exista equidade no ámbito da saúde, é dicir, oportunidades e recursos adaptados ás necesidades de cada grupo social (29).

Polo tanto, seguindo estas premisas, o cometido da Terapia Ocupacional consiste na promoción da saúde e na busca da xustiza ocupacional, entendendo esta como o “*cumprimento do dereito de todas as persoas a participar nas ocupacións que precisan para sobrevivir, aquelas que consideran significativas ou as que contribúan positivamente ao seu propio benestar ou ao da súa comunidade*” (30). Algúns dos factores que determinan que se produzan situacións de inxustiza

ocupacional veñen derivadas da falta de equidade e xustiza social (29)(26).

### **1.5 Comunidades rurais, Cidadanía e Cultura**

Para poder chegar a comprender o funcionamento dunha comunidade rural coma a que se estudará ao longo deste traballo, primeiro é necesario clarificar de qué se trata unha comunidade. A autora Maritza Montero (31) definiuna como *“un grupo social dinámico e histórico en constante transformación e que na súa interrelación xera pertenza, identidade social e conciencia de sí mesma como comunidade”*.

En base a isto, entendemos por cidadanía a un conxunto de persoas que pertencen a unha comunidade e que teñen plena participación como individuos na sociedade. Como cidadáns posúen tanto o dereito como a responsabilidade de seren partícipes na vida cultural, social, económica, política e pública (32). Desta forma, aqueles que desempeñan o rol de actores sociais, é dicir, que participan e se involucran no ámbito das políticas públicas e sociais son considerados suxeitos comunitarios. Nalgúns casos existen factores que lle impiden desenvolverse libremente e levar a cabo os seu rol na sociedade, polo que se estaría impedindo o seu exercicio da cidadanía. Ademais, a toma de decisións e o dereito a opinión non só se considera importante a nivel macro, senón que tamén se contempla, como algo fundamental, a posibilidade de poder tomar pequenas decisións a medida que os cidadáns realizan as súas ocupación (33).

Estas ocupacións non só teñen que ser entendidas de forma individual, senón que autoras como M. Palacios (34) considéranas *“unha construción social, entendéndoa como expresión colectiva da cultura, a historia e os seus aspectos económicos, materiais, dados en condicións concretas da existencia, que se manifestan en modos de vida cotiás das comunidades”*.

Seguindo este punto de vista, xorde o termo de “*ocupacións colectivas*” que Ramogondo (35) define como “*aquelas que realizan os individuos, grupos, comunidades ou sociedades en contextos cotiáns e que poden reflexar unha intención cara a cohesión social ou a disfunción*”. Outros autores tamén consideran que estas brindan cohesión, sentido da comunidade, benestar pertenza e identidade social a partir da participación nas mesmas (34).

No caso da poboación de estudo, situada na Comarca de Bergantiños, tamén comparten unha serie de ocupacións colectivas ligadas a características históricas e socioeconómicas. O autor Xan Fernández (36) na súa obra detalla de forma clara que ocupacións se levaban a cabo neste contexto e que factores as determinaban.

En primeiro lugar, nesta zona tivo unha gran notoriedade a migración a Latinoamérica nos anos 1930, principalmente á Arxentina e ao Uruguai. Posteriormente, este fluxo migratorio viuse reducido a partir dos anos 40. Máis adiante, durante os 60, volveuse a detectar outra etapa migratoria, pero esta vez cara Europa occidental, a países como Alemaña ou Suíza, onde as persoas se desprazaban en busca de traballo nas industrias ou no sector servizos. Ademais, do 1980 en diante, a taxa de natalidade tamén sufriu unha diminución, potenciando esta situación de poboación avellentada (36).

En canto aos medios de produción, historicamente, esta poboación presenta unha gran tradición agrícola, onde os principais cultivos son as patacas e as fabas, seguido do millo e o trigo e, finalmente, as hortalizas. A isto tamén se lle engade a gran participación da gandería na economía desta comunidade nos últimos 70 anos. Principalmente, a pertencente ao sector bovino e porcino. Ademais, naquelas poboacións bañadas polo mar, tamén adquire moita importancia o papel da pesca de baixura. Aínda así, nos últimos 40 anos, o subsector da construción considerábase o maior creador de postos de emprego, seguido do comercio en canto ao sector servizos. Na actualidade, despois da crise económica do sector

inmobiliario e da caída do pequeno comercio, a gran maioría de postos de traballo van da man da hostalería e do turismo de carácter ecolóxico, paisaxístico e gastronómico (36).

A participación das persoas nas súas ocupacións dentro da comunidade lévase a cabo nunha determinada cultura polo que resulta un factor determinante á hora de comprender as posibles limitacións que pode atopar un individuo mentres se desempeña na mesma. Esta é entendida por Dyck como *“un sistema compartido de significados que abarca ideas, conceptos e coñecementos e que inclúe crenzas, valores e normas que forman os estándares de comportamento emprendidos polas persoas na vida cotiá”* (27). Tendo iso en conta, débese tomar a cultura como un eixo central no desenvolvemento dunha comunidade, pois dela dependerá, en gran medida, a forma de entender o mundo por parte das persoas (25).

Atendendo ao ámbito rural, a cultura actúa como un símbolo de identidade tanto individual como colectivo, posto que se valora de xeito considerable a continuidade da transmisión interxeracional de valores, coñecementos populares e tradicións. Ademais, tamén se lle outorga gran importancia a historia familiar, á pertenza ao propio territorio e ao papel das persoas maiores como portadores desa cultura propia (37).

En base as características propias que posúen as comunidades rurais e as persoas que alí habitan, xorde a necesidade de buscar unha sustentabilidade tanto a nivel ambiental como económico e social. Isto da lugar a aparición dunha nova construción teórica denominada Nova Ruralidade. Esta *“persegue reducir a pobreza e a exclusión, aumentar a participación local, conservar os recursos naturais e acrecentar as capacidades, calidades e potencialidades dos actores sociais para mellorar a súa calidade de vida”* (38). Mediante esta forma de pensamento preténdese empoderar ás persoas maiores das comunidades rurais para fomentar a súa participación cidadá e o envellecemento activo no seu entorno.

Todo isto levarase a cabo, por medio da acción social e comunitaria que pretende fomentar a participación na comunidade. Para iso a intervención non só se centra na persoa, senón que intenta resolver as necesidades de grupo (39) mediante a construción da capacidade como comunidade e o empoderamento individual e comunitario (29) dando lugar así, a políticas públicas inclusivas, equitativas e sustentables (25).

### **1.6 Evidencia Actual**

Como primeiro paso da investigación procedeuse á realización dunha busca bibliográfica (Apéndice I) para analizar a evidencia que existe na actualidade acerca do envellecemento no ámbito rural visto dende a perspectiva da Terapia Ocupacional. A partires desta comprobouse que as publicacións neste campo son moi escasas xa que apenas se atoparon estudos ocupacionais baseados nas necesidades das persoas maiores que se encontran en comunidades rurais e dos factores que determinan o seu proceso de envellecemento.

Entre as publicacións analizadas, a metade corresponden a estudos realizados en países estranxeiros, polo que hai que ter en conta que os resultados obtidos se sitúan nun contexto diferente ao da poboación de estudo deste traballo, polo que non serían integramente extrapolables a todos os casos. Dous deles leváronse a cabo en comunidades latinas situadas en México e Chile (40)(41).

O primeiro resalta que a vulnerabilidade das persoas maiores aumenta ao viviren en territorios rurais de difícil acceso xa que a dificultade que presentan para os desprazamentos propicia a desvinculación co resto da comunidade. Ademais, tamén se pon de manifesto que as persoas maiores presentan limitacións na participación e restricións á hora de levar a cabo as súas ocupacións significativas provocadas en gran medida pola carencia de recursos e a falta de protección social. Para resolver este problema plantéxase a necesidade



de crear un espazo comunitario para fomentar a participación social e o equilibrio ocupacional mediante a realización de intervencións baseadas na comunidade (40).

No segundo artigo, no que se estuda un grupo de persoas maiores que residen nunha zona rural do sur de Chile, expónse que o proceso de envellecemento trae consigo unha serie de cambios como son a modificación de hábitos e rutinas, a diminución das relacións sociais e a perda da identificación persoal. Para explicar este último fenómeno é necesario coñecer a “vida ocupacional” destas persoas, é dicir, comprender cal foi o seu desempeño ocupacional ao longo do tempo e o significado persoal e colectivo que se lle outorga en función ao seu contexto sociocultural. No caso desta comunidade obsérvase que a maioría dos individuos comezou a realizar actividades produtivas ligadas á agricultura, a gandería ou as tarefas propias do fogar dende a infancia, debido a situación de pobreza e precariedade na que se encontraban. Estas ocupacións variaban segundo o xénero, asignándose-lles tarefas con máis carga física aos varóns e aquelas que se levaban a cabo dentro do propio fogar as mulleres. Deste xeito, a escolaridade non se tornaba prioritaria e a labor produtiva exercía tamén un papel de ocio e xogo, xa que era a ocupación a que máis tempo lle dedicaban. Isto continuou a ser unha constante ao longo das súas vidas, polo que resultaba imposible facer unha diferenza entre as actividades consideradas de ocio e recreación e as produtivas. En base a isto, as persoas maiores que tiveron que abandonar esas actividades a consecuencia das limitacións físicas derivadas do proceso de envellecemento experimentan unha perda de identidade, pois esta está estreitamente vinculada ao mundo rural e as ocupacións propias dese contexto. Deste xeito, o concepto de boa saúde determinase en función da ausencia de limitacións que lles permitan seguir levando a cabo tales ocupacións e non das patoloxías existentes.(41)

No caso da investigación levada a cabo por AJ Wythes e M Lyons (42) con poboación rural masculina en Australia, tamén concordan en que a actividade produtiva agrícola forma parte da identidade do individuo, así como as terras que este cultiva. Por iso, o cese destas actividades unha vez chegada a xubilación ofrece a oportunidade de explorar novos intereses pero tamén resulta na perda do sentido do propósito para outras persoas. Para que isto último non ocorra, proponse un acercamento gradual á xubilación mentres se buscan novas actividades que poidan resultar de interese. Por outra parte, tamén se observa que existen diferenzas de xénero en canto a saúde da poboación, resultando prexudicados os homes. Isto débese ao difícil acceso aos recursos e o desinterese cultural por este aspecto por parte da poboación masculina. Ademais, tamén presentan maior sensación de soidade. Como posible solución a estas dificultades plantéxase a meiora da calidade de vida destas persoas a través dunha maior participación na comunidade.

Outra das publicacións seleccionadas fai referencia as consecuencias xeneralizadas do envellecemento dentro da UE (43). Este asegura que o crecente aumento das persoas maiores dará lugar a un incremento das situacións de dependencia e unha maior marxinação social o que se traducirá na necesidade dun gasto público máis elevado para satisfacer o seu dereito á protección social.

En canto á bibliografía atopada a cerca do envellecemento rural en España, ámbolos dous artigos concordan en que o entorno rural español se caracteriza por unha densidade de poboación baixa onde se leva a cabo un uso económico do solo baseado na produción agraria. Isto fai que as persoas pertencan a colectividade de tamaño limitado dando así lugar a lazos sociais máis fortes e tamén a estreitas relacións co medio no que se atopan construíndo un medio de vida ecolóxico e de identidade campesiña. A raíz deste concepto de vida non existe unha división do tempo de ocio e produtividade como se plasmaba tamén nos artigos anteriores. Ademais, este modelo de envellecemento caracterízase pola

dificultade no acceso a recursos e unha probabilidade maior de sufrir soitude e de ter relacións sociais máis escasas pero de mellor calidade que as persoas maiores que habitan en poboacións urbanas (44)(45).

P. Monreal, A. del Valle e B. Serda definen a relación do individuo (neste caso as persoas maiores) e a sociedade como un ecosistema que se explica mediante a Teoría Ecolóxica de Bronfenbrenner, onde diversos factores que compoñen o Microsistema, Exosistema e Macrosistema, actúan para conforma o estilo de vida das persoas. Estes son resistentes ao cambio e teñen gran valor predictivo á hora de determinar como se desenvolverá a vellez dunha persoa. Por iso, as propostas de fortalecemento e desenvolvemento do capital social e a auto validación teñen que ser acordes ao modo de vida de cada persoa para fomentar a participación desta na comunidade, promover prácticas saudables e incentivar o movemento asociativo (44).

Por outra parte, outro dos artigos seleccionado expón que aínda que os lazos sociais sexan máis fortes nas comunidades rurais, isto tamén supón que haxa un maior control social limitando así as liberdades das persoas por temor ao “qué dirán”. Tamén ligado a isto, observase que os roles de xénero están moi acentuados afectando así ao acceso ás ocupacións. No caso das actividades de ocio, as mulleres acostuman a ser máis participativas e teñen un maior interese exploratorio, polo que isto contribúe a que teñan unha mellor calidade de vida (45).

No caso da bibliografía que abrangue a poboación rural de Galicia, só se atopou un artigo que reafirma a falta de evidencia en torno a vida ocupacional das persoas maiores que viven no rural galego. Ademais, tamén afirma que a poboación está cada vez máis envellecida e, polo tanto, resulta necesario traballar a promoción da saúde co fin de mellorar a calidade de vida destas persoas (46).

Por último, tamén se atopou outro estudo realizado con persoas maiores que viven nunha zona urbana de A Coruña no que se expón a

necesidade de realizar un acompañamento do proceso de xubilación, xa que este supón un período de transición onde se produce unha mudanza dos roles e rutinas así como unha perda da propia identidade debido ao cese da actividade produtiva. Ademais tamén se manifesta o interese por explorar esta etapa da vida dende o prisma do envellecemento activo. Como estes resultados se obtiveron nunha poboación urbana, non existe evidencia de que no medio rural aconteza o mesmo (47).

Como conclusión despois da análise da bibliografía existente, pódese apreciar que na maioría dos casos as persoas maiores que viven no rural sofren unha situación de desigualdade á hora de acceder aos recursos e á protección social. Ademais observase unha diminución das relacións sociais acompañada, en contraposición, a un maior control social por parte da comunidade definíndose así uns roles ríxidos, asociados ao xénero na maioría dos casos. Isto provoca unha limitación na participación nas ocupacións significativas e na exploración de novos intereses. A maiores, tamén se detecta un cambio de roles e rutinas despois da xubilación, así como a perda de identidade.

En base a todo isto resulta evidente a necesidade de indagar máis profundamente nestes fenómenos co fin de aumentar a evidencia actual, sobre todo na comunidade galega e de xerar posibles solucións ás situacións de inxustiza ocupacional que se detectan.

## 2. BIBLIOGRAFÍA

---

1. Organización Mundial de la Salud. Envejecimiento y salud [Internet]. 2018 [citado 2019 Out 2]. Disponible en: <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/envejecimiento-y-salud>
2. World Population Dashboard | UNFPA - United Nations Population Fund [Internet]. [citado 2020 Mai 13]. Disponible en: <https://www.unfpa.org/es/data/world-population-dashboard>
3. European Commission. The 2018 Ageing Report: economic and budgetary projections for the EU Member States (2016-2070). Vol. 2, European Economy. 2018. 27 p.
4. Population of EUROPE 2019 - PopulationPyramid.net [Internet]. [citado 2020 Mai 13]. Disponible en: <https://www.populationpyramid.net/europe/2019/>
5. Rodríguez RP, García AA. Un perfil de las personas mayores en España, 2013. Inf Envejec en red. 2013;22(2340-566X):26.
6. Instituto Nacional de Estadística. (Spanish Statistical Office) [Internet]. [citado 2019 Out 2]. Disponible en: <https://www.ine.es/>
7. IGE - Instituto Galego de Estatística [Internet]. [citado 2019 Out 2]. Disponible en: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
8. Alvarado García AM, Salazar Maya ÁM. Análisis del concepto de envejecimiento. Gerokomos. 2014;25(2):57–62.
9. Serrano Selva JP, Latorre Postigo JM, Ros Segura L, Navarro Bravo B, Aguilar Córcoles MJ, Nieto López M, et al. Life review therapy using autobiographical retrieval practice for older adults with clinical

- depression. *Psicothema* [Internet]. 2012;24(2):224–9. Disponible en: <http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/22420349>
10. Claudia Reinoso Araujo de Carvalho, Ana Paula Serrata Malfitano REL. Intervenciones sociales de Terapia Ocupacional con adultos mayores en América de Sur: Una revisión no sistemática de la literatura. *Rev Chil Ter Ocup.* 2018;18:29–44.
  11. Gómez García P. Culmination of the life cycle: an anthropogerontology Pedro Gómez García. *Gaz Antropol.* 1995;11(7):1–10.
  12. Teves L, Crivos M, Martínez MR, Sáenz C. Una Aplicación de la Metodología de Redes Sociales a la Investigación Etnográfica. *Redes Rev Hisp para el análisis redes Soc.* 2002;2(2).
  13. Martínez M rosa, ReMorini M gabriela M carolina. Etnografía , curso vital y envejecimiento . Aportes para una. *Perspect en Psicol.* 2010;33–52.
  14. Morgante MG, Valero AS. Antropología y envejecimiento: aproximaciones teóricas y ejemplos etnográficos. :16.
  15. Organización Mundial de la Salud. Informe Mundial sobre el envejecimiento y la salud. 2015;32. Disponible en: [https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/186466/9789240694873\\_spa.pdf;jsessionid=8207FB289A30AF9C9F552200D168D9FE?sequence=1](https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/186466/9789240694873_spa.pdf;jsessionid=8207FB289A30AF9C9F552200D168D9FE?sequence=1)
  16. Rodríguez GH. Cese de la actividad profesional y preparación a la jubilación. *Cuaderno Relaciones laborales.* 2009;2(1131–8635):63–81.
  17. Ministerio de Trabajo M y SS. Seguridad Social: Prestaciones / Pensiones de Trabajadores [Internet]. [citado 2019 Nov 5]. Disponible en: <http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Trabajadores/PrestacionesPension>

esTrabajadores/10963/28393/28396/28472

18. Mendizábal MRL. La preparación a la jubilación, nueva ocupación del tiempo..pdf. Rev Complut Educ. 1993;4:53–67.
19. Allan A, M NW, R DV. Cambios en la Ocupación de los adultos mayores recientemente jubilados. 2005;
20. Cotarelo Pérez A. Cambio de roles en el adulto mayor antes y después de la jubilación. Vol. 12, Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG. 2015. p. 3.
21. Aymerich Andreu, María; Planes Pedra, Monserrat; Gras Pérez ME. La adaptación a la jubilación y sus fases: Afectación de los niveles de satisfacción y duración del proceso adaptativo. An Psicol. 2010;26(0212–9728):80–8.
22. Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionales | WFOT [Internet]. [citado 2020 Xuñ 14]. Disponible en: <https://www.wfot.org/>
23. Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionales [Internet]. [citado 2020 Xuñ 14]. Disponible en: <https://www.apeto.com/index.html>
24. Ministerio de Ciencia e Innovación. BOE-A-2009-5036 [Internet]. 2009 [citado 2020 Xuñ 14]. Disponible en: [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2009-5036](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2009-5036)
25. Regina Silva C, Cardinalli I, Sanches Silvestrini M, Zacchi A, Farias AC, Ambrosio L, Taliane de Oliveira M et al. La Terapia Ocupacional y la Cultura: Miradas a la transformación social. Rev Chil Ter Ocup. 2017;01:105–13.
26. Morrison, Rodolfo & Olivares, Daniela & Vidal D. La filosofía de la Ocupación Humana y el paradigma social de la Ocupación. Algunas reflexiones y propuestas sobre epistemologías actuales en Terapia Ocupacional y Ciencias de la Ocupación. Rev Chil Ter Ocup.

2011;11.

27. Algado SS. Terapia ocupacional, cultura y diversidad. *Cad Ter Ocup UFSCar*, São Carlos. 2016;24:163–71.
28. OMS. Carta de Ottawa para la promoción de la salud. In: Conferencia internacional sobre la promoción de la salud. Ottawa; 1986. p. 17.21.
29. Restrepo E D. Incremento de la capacidad comunitaria y del empoderamiento de las comunidades para promover. *Rev Fac Nac Salud Pública*. 2001;19.
30. Aldrich RM, Boston TL, Daaleman CE. Justice and U.S. Occupational Therapy Practice: A Relationship 100 Years in the Making. *Am J Occup Ther* [Internet]. 2016 Dec 2 [citado 2019 Out 16];71(1). Disponible en: <http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/28027035>
31. Montero M. Introducción a la Psicología Comunitaria, Desarrollo, Conceptos y Procesos. Paidós, Buenos Aires; 2004.
32. Fransen H, Pollard N, Kantartzis S, Viana-Moldes I. Participatory citizenship: critical perspectives on client-centred occupational therapy. *Scand J Occup Ther*. 2015;22:260–6.
33. Townsend E, Wilcock AA, Townsend E. Occupational justice and client-centred practice: A dialogue in progress. *Can J Occup Ther*. 2004;71:75–87.
34. Sentido de Comunidad y Ocupaciones Colectivas. En: COLEGIO DE TERAPEUTAS OCUPACIONALES DE CHILE. et al. 50 años de Terapia Ocupacional en Chile: prácticas, epistemologías y realidades locales. M Palacios. 2003;143–60.
35. RAMUGONDO, E.; KRONENBERG F. Explaining Collective Occupations from a Human Relations Perspective: Bridging the



- Individual-Collective Dichotomy. *J Occup Sci.* 2015;22:3–16.
36. Fernández X. Descubre a comarca de Bergantiños. Paisaxe, historia e roteiros por concellos. A Coruña; 2001. 238 p.
  37. Bosch PM, Gómez V. Las personas mayores como actores en la comunidad rural: innovación y Older people as actors in the rural community , innovation and empowerment. *Athenea Digit.* 2010;187(1578–8946):171–87.
  38. Palafox-muñoz A, Anaya-ortiz JS, De MP, Roo DQ, Cuerpo M. Nueva ruralidad y sustentabilidad social en el pueblo mágico de Calvillo , Aguascalientes. 6:64–81.
  39. Sandra Gaheigo SS. Maestras de la Terapia Ocupacional. Sandra Galheigo: La poderosa emergencia de la terapia ocupacional social. *TOG.* 2012;9:1–41.
  40. Bolaños C, Martínez G, Ramos G. Cuidado de la salud del adulto mayor en una comunidad semirural desde una metodológica de participación acción investigación centrada en la ocupación. *Rev Chil Ter Ocup.* 2017;17(1):9.
  41. Huinao M, Montecinos C, Pineda S, Valenzuela D. Construcción de la “vida ocupacional” de personas mayores en ruralidad y su influencia en la vivencia del envejecimiento. *Rev Chil Ter Ocup.* 2015;15(1):173.
  42. AJ Wythes ML. Leaving the land: An exploratory of retirement for a small group os Australian men. *Int Electron J Rural Remote Heal Res Educ Pract Policy.* 2006;6(531).
  43. Tejero Morales S, Cerdeña Macías I. Políticas sociales y envejecimiento en la Unión Europea. Revisión bibliográfica. *Rev electrónica Ter Ocup Galicia, TOG.* 2017;14(26):19.
  44. Monreal Bosch P, del Valle Gómez A. Los Grandes Olvidados: Las

- Personas Mayores en el Entorno Rural. *Psychosoc Interv.* 2009;18(3):269–77.
45. Ponce de León, Laura; Andrés S. Envejecimiento activo en el ámbito rural en España. *Ehquidad Int Welf Policies Soc Work J.* 2017;7:175–98.
  46. Del O, Gallego R, Vision O, Rural OF. Visión Ocupacional del rural gallego. *TOG.* 2013;10:81–5.
  47. Miranda-duro MC, Carracedo-vázquez M, Nieto-riveiro L, González BG, García TP, Loureiro JP. Vivencias Ocupacionales de personas recientemente jubiladas en el entorno urbano de la provincia de A Coruña. *Rev Chil Ter Ocup.* 2017;1:57–69.
  48. Flick U. *Introducción a la investigación cualitativa.* Madrid; 2004.
  49. Morán JP, Ulloa F. Perspectiva crítica desde latinoamérica : hacia una desobediencia epistémica en terapia ocupacional contemporánea. 2016;421–7.
  50. Norman K. Denzin, Yvonna S. Lincoln. *Las estrategias de investigación cualitativa.* Londres, Nueva Delhi, Estados Unidos; 2013. 551 p.
  51. Concello de Ponteceso [Internet]. [citado 2019 Nov 5]. Disponible en: <http://www.ponteceso.gal/ga/web/>
  52. Otzen T, Manterola C. Técnicas de Muestreo sobre una Población a Estudio. *Int J Morphol.* 2017;35(1):227–32.
  53. Samaja J. La triangulación metodológica (Pasos para una comprensión dialéctica de la combinación de métodos). *Rev Cuba Salud Pública.* 2018;44(2):431–43.
  54. Delgado JM, Gutiérrez J. *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales.* Síntesis Psicológica; 669 p.

55. Geilfus F. 80 Herramientas de participación comunitaria. [Internet]. 2002. 218 p. Disponible en: <http://ejoventut.gencat.cat/permalink/aac2bb0c-2a0c-11e4-bcfe-005056924a59>
56. Glaser, B. & Strauss A. The discovery of grounded theory. Press A, editor. Chicago; 1967.
57. Páramo Morales D. La teoría fundamentada (Grounded Theory), metodología cualitativa de investigación científica. Rev científica Pensam y Gestión. 2015;(39):i–xi.
58. Salgado AC. Investigación cualitativa: diseños, evaluación del rigor metodológico y retos. Liberabit. 2007;13:1–15.

---

### 3. OBXECTIVOS

---

O obxectivo xeral do presente estudo é analizar dende unha perspectiva crítica a realidade ocupacional dun grupo de persoas maiores, xubiladas que residen nunha pequena poboación de Ponteceso, co fin de dar visibilidade, detectar e comprender que factores condicionan o seu día a día.

Tamén se plantexan outros obxectivos específicos como son:

- Coñecer a historia de vida ocupacional destas persoas maiores e o significado que lle outorgan ao “rural”.
- Afondar nos factores socioculturais e económicos que inflúen nos seus roles e rutinas.
- Poñer de manifesto as necesidades ocupacionais dos participantes no estudo e pensar conxuntamente posibles accións futuras.

---

## 4. METODOLOXÍA

---

En este estudo de investigación estase a utilizar unha metodoloxía cualitativa xa que esta posibilita a *“análise de perspectivas diferentes, as reflexión dos investigadores sobre a súa investigación como parte do proceso de produción do coñecemento e variedade de enfoques e métodos”*. Por conseguinte, considérase adecuada para comprender a realidade das persoas baseándose nas súas experiencias que transcorren nun contexto e entorno determinados (48). En base a isto, a totalidade do estudo realízase baixo unha perspectiva crítica, que pretende reflexionar e problematizar acerca da realidade ocupacional que están a vivir un determinado grupo de persoas. É dicir, un punto de vista cuxo obxectivo se trata de transformar a situación actual na que se encontran os cidadáns e demostrar e rexeitar o mantemento de condicións inxustas (49). Deste xeito, a través da Etnografía pública como método de investigación que busca o empoderamento e a xustiza, mestúrase a propia experiencia vivida no campo, coa reflexión e a interpretación co fin de presentarlle ao público xeral cuestións sociais sometidas a crítica e así poder propiciar a xeración dun cambio (50).

### 4.1 Ámbito de estudo

A poboación obxecto deste estudo localízase nun dos sete concellos da Comarca de Bergantiños denominado Ponteceso. Este conta cunha superficie de 91,97 km<sup>2</sup> nos que se concentran 5.565 habitantes distribuídos en 14 parroquias. Nunha delas, atópase un pequeno núcleo de poboación rural ao que se accederá para levar a cabo este traballo (7).

En canto aos recursos sociais que se atopan no municipio, pódense destacar os centros educativos, infraestruturas dedicadas ao ocio como polideportivos e unha biblioteca e asociacións de veciños, nas que se levan a cabo diferentes actividades participativas. Aínda así, non

presenta espazos dedicados integramente ás persoas maiores e as actividades programadas para este sector da poboación, tales como ximnasia, informática, teatro, entre outros. Estas lévanse a cabo principalmente no centro urbano de Ponteceso, deixando aos demais núcleos de poboación circundante cunha oferta máis limitada (51).



Figura 3: Imaxe das poboacións que conforman o concello de Ponteceso.  
Fonte: Google imaxes.

## 4.2 Selección de participantes

Para a selección dos participantes utilizarase o mostreo intencional,(52) mediante o cal o investigador pode escoller deliberadamente un grupo de persoas que presentan unha serie de características persoais e contextuais concretas co fin de poder investigar que fenómenos están a experimentar. En base a isto establecéronse uns criterios de exclusión e inclusión atendendo aos intereses e obxectivos do estudo.

Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Homes e mulleres xubilados.	Persoas con segunda residencia no rural pero que non residen alí habitualmente.
Maiores de 65 anos.	
Residentes no rural, en específico no concello de Ponteceso.	Persoas maiores institucionalizadas.

Estas persoas escolleranse entre un pequeno grupo de poboación composto aproximadamente por 30 vivendas, as cales a investigadora ten a posibilidade de acceder directamente e contactar.

#### 4.3 Entrada no campo

Unha vez seleccionados os posibles participantes en base aos criterios mencionados con anterioridade, procederase a realizar unha chamada telefónica a cada un deles, explicándolles que se está a realizar un traballo de investigación como parte do Grao de Terapia Ocupacional e que sería de gran axuda poder concertar unha cita no seu domicilio, ou onde estimen oportuno, co fin de poder expoñer en profundidade de que se trata e así poder valorar a súa posible participación neste estudo.

Despois de concertada a cita, proporcionaráselle as persoas unha Folla de Información (Apéndice II) detallando todos os pormenores do proxecto. Ademais, explicaráselles todas as dúbidas que poidan xurdir acerca da súa participación ou o fin da mesma. A continuación establecerase un período de reflexión dunha semana co fin de que valoren o seu interese na participación do estudo.

No caso de que a súa decisión sexa afirmativa, concertarase unha nova cita que se levará a cabo de forma individual e na que se procederá a aplicar as técnicas de recollida da información.

#### 4.4 Recollida da información

Neste caso a recollida de información sobre a historia de vida ocupacional no actual período vital das persoas participantes, levarase a cabo mediante a triangulación metodolóxica das técnicas de recollida da información (53). Deste xeito utilizaranse diferentes métodos de recollida de datos, o que fará posible obter perspectivas combinadas dunha mesma realidade. Ademais isto facilita a expresión en diversos formatos, o que podería ser un facilitador para a participación das persoas. Así pois, como técnicas de recollida da información escolléronse as seguintes:

Táboa II: Técnicas de recollida da información

Técnicas de recollida da información	Persoas que as levan a cabo	Momento no que se levan a cabo
<b>Entrevista semi estruturada</b>	Participantes do estudo de xeito individual	Visita individual con cada participante do estudo
<b>Observación participante</b>	Investigadora	Durante todo o estudo
<b>Caderno de campo</b>	Investigadora	Durante todo o estudo
<b>Grupo de discusión</b>	Participantes do estudo de xeito grupal	Despois de realizarse as entrevistas individuais
<b>Árbore das necesidades e posibles alternativas</b>	Participantes do estudo	Dentro do grupo de discusión ou de xeito individual se a persoa non quere participar de forma grupal

*Observación participante:* a investigadora adéntrase completamente no entorno da poboación de estudo. Deste xeito, pode



captar datos, recoller material e compilar descrições sobre o terreo, dando lugar así a etnografía. Ao longo do proceso, todo o observado durante a entrada no campo e a posterior recollida de información, será anotado nun *Caderno de Campo* para o seu posterior análise.

*Entrevista semi estruturada:* posibilita extraer información dunha persoa que se atopa contida na súa propia biografía. Ademais, dita información será transmitida dende o punto de vista do entrevistado, é dicir, con unha interpretación significativa e subxectiva da persoa. (54) En base a isto, a entrevistadora tamén fará posteriormente a súa propia reflexión e interpretación do expresado polos participantes. Estas entrevistas levaranse a cabo de forma individual no lugar elixido por cada participante e seguindo un guiión suxeito a modificacións en función dos temas de interese que vaian xurdindo ao longo da conversa. Con previa autorización e asinado o consentimento informado, procederase a gravar todo o proceso para poder ser transcrito posteriormente.

*Grupo de discusión:* Unha vez realizadas as entrevistas propoñeráselle aos participantes formar parte dun grupo de discusión co fin de intentar determinar cales son as súas necesidades, qué problemas lles afectan máis no seu día a día e que posibles alternativas se poderán levar a cabo para solventalos. Isto farase seguindo un guiión que sirva de fío condutor para xerar debate entre os asistentes ao grupo. Á hora de conformar esta colectividade, terase en conta que cada grupo non sexa de máis de 10 persoas co obxectivo de que se garanta un bo manexo do mesmo onde todos poidan participar, expresar as súas opinións e facer un ordenado intercambio de ideas. Para facilitar a comprensión de todas as opinións aportadas, elaborárase de forma conxunta unha "*Árbore das necesidades e posibles alternativas*",(55). Isto consiste en realizar un debuxo dunha árbore representando cada problema ou necesidade que se identifique na vida actual. Do mesmo xeito, a cada árbore debuxaráselle unha póla frondosa por cada alternativa que se propoña para esa dificultade. Por último, o papel da investigadora en todo

momento será o de facilitadora e moderadora, reconducindo a conversa e afondando naqueles aspectos que resulten de interese para a poboación do estudo e para a investigación.

#### **4.5 Análise da información**

A análise da información obtida mediante as técnicas de recollida farase seguindo os preceptos da Teoría Fundamentalada (56), co fin de comprender a realidade dende o punto de vista das persoas participantes do estudo. Este proceso consta de varias fases (57):

- Preparación e revisión dos datos: consiste en facer unha lectura de todos os datos recabados co fin de comprobar que estes teñen a calidade desexada e que non falta ningunha técnica por aplicar a ningún dos participantes. A continuación, procederase a facer a transcripción das entrevistas e da información obtida no grupo de discusión.
- Organización dos datos e da información: nesta parte ordénanse os datos atendendo a unha serie de criterios como poden ser a orde cronolóxica, o fonte da que proveñen, etc
- Descubrir unidades de análise: esta fase consiste en organizar a información segundo a súa temática ou a patróns similares que se poidan dar, ademais de descartar aqueles datos que non sexan de utilidade. Esta análise farase mediante triangulación metodolóxica (53) entre a investigadora e as titoras do traballo co fin de obter diferentes perspectivas.
- Categorización e codificación: nesta parte da investigación analízase a información de forma reflexiva categorizándoa en unidades de análise máis pequenas as que se lle asignan códigos. Isto permite facer unha indagación máis precisa e manexar os datos de forma máis sinxela.

#### **4.6 Posibles continxencias**

Ao longo desta investigación poden xurdir posibles continxencias que se deberán ter en conta como por exemplo:

- Que algún participante abandone o proxecto.
- Que os participantes se mostren reticentes a compartir información persoal coa investigadora.
- Que os recursos necesarios para levar a cabo o proxecto sexan insuficiente.
- Que as persoas maiores non accedesen a unha participación grupal para levar a cabo o grupo de discusión.

#### **4.7 Posibles solucións ás continxencias**

Tendo en conta os posibles imprevistos que podan aparecer plantéxanse as seguintes solucións:

- No caso de que algún participante abandone o estudo seguirase levando a cabo o plan establecido cos demais participantes xa que ao utilizarse unha metodoloxía cualitativa unha leve variación do número da mostra non suporá unha gran limitación no estudo.
- Se os participantes se mostran cohibidos á hora de expresar información persoal, recordaráselles en todo momento que a súa información é confidencial e ningún dato aparecerá no informe final . Ademais poden solicitar interromper a gravación en calquera momento, así como volvela a poñer en marcha.
- De seren insuficientes os recursos económicos ao longo da investigación, procederase a valoración de outras alternativas de financiamento.
- No caso de que os participantes declinen a posibilidade de formar parte do grupo de discusión, poderase levar a cabo a actividade proposta dentro do grupo de xeito individual.

#### 4.8 Rigor metodolóxico

Para garantir a fiabilidade e a calidade do estudo, este contará cunha serie de criterios (58) que se expoñen a continuación:

- Dependencia: trátase do grao en que varios investigadores obteñen resultados similares ao recolleren información nun ambiente e contexto tamén parecido. Neste caso cúmprese coa dependencia interna xa que co análise dos mesmos resultados, dous investigadores diferentes chegan a conclusión que se asemellan, tal e como se pode comprobar coa triangulación da análise da información (53).
- Credibilidade: consiste na aprobación dos descubrimentos realizados por parte dos informantes ou de persoas que tiveran en contacto coa poboación de estudo e sexan coñecedoras da súa realidade. Isto determinase na exposición dos resultados a nivel comunitario.
- Confirmabilidade: Ao longo da investigación levarase a cabo unha descrición detallada de todo o proceso de análise e razoamento que lle permita a outro investigador poder chegar á mesma conclusión obtida no traballo.
- Aplicabilidade: As características da poboación de estudo e o contexto no que se leva a cabo o traballo estarán definidos de forma clara permitindo así que os resultados obtidos se podan extrapolar a poboacións similares.

#### 4.9 Aplicabilidade

A aplicabilidade deste proxecto trátase principalmente de poñer de manifesto a realidade ocupacional das persoas maiores que viven no rural dende o seu punto de vista. Sometendo isto a crítica e interpretación preténdese sacar a flote aquelas necesidades ocupacionais que presente esta poboación así como as súas fortalezas á hora de desenvolver a súa vida diaria. Ademais , tamén se trata de expoñer as posibles inxustizas ocupacionais que poden chegar a vivir. Deste xeito, a información obtida nesta investigación terá unha serie de aplicabilidades en función de cada ámbito:

- *Profesional:* xerarase nova evidencia científica sobre esta temática dende o enfoque da terapia ocupacional. Ademais, dará visibilidade a unha realidade comunitaria que se poderá abordar dende outras disciplinas.
- *Entidades sociais e equipo de goberno local:* a información obtida permitiralle as entidades de goberno coma o concello e as asociación que operan na zona, ter un coñecemento máis específico sobre as necesidades do colectivo sometido a estudo. Isto impulsará a creación de novos programas de acción máis adaptados á poboación e ao contexto no que se encontra, mellorando así os recursos ao seu alcance.
- *Comunidade:* permitirá darlle voz e visibilidade a un colectivo que pode aportar unha perspectiva diferente mediante a súa experiencia ao longo da vida. Isto pretende xerar unha conciencia colectiva e que se aborden as posibles necesidades e fortalezas detectadas ao longo do traballo nesta poboación dende unha acción interxeneracional.

---

## 5. PLAN DE TRABAJO

---

Neste plan de traballo detállanse as fases que se levarán a cabo ao longo do proxecto e a duración que terán as mesmas. Cabe destacar que a investigación se estará a realizar en dous cursos académicos polo que cabe especificar os acontecementos plantexados para estas dúas etapas.

- Curso académico 2019/2020: neste período de tempo elaborase o presente proxecto, enmarcado dentro da materia “Traballo de Fin de Grao” da titulación de Terapia Ocupacional.
- Curso académico 2020/2021: esta outra etapa corresponde á realización dun Mestrado, que posibilitará poñer en práctica este proxecto e levar a cabo a investigación plantexada dentro da materia “Traballo de Fin de Mestrado”.

Táboa III: Cronograma

	CURSO 2019/2020					CURSO 2020/2021				
	SET OUT	NOV DEC	XAN FEB	MAR ABR	MAI XUÑ	SET OUT	NOV DEC	XAN FEB	MAR ABR	MAI XUÑ/XUL
Busca Bibliográfica										
Redacción do proxecto										
Comité de ética										
Entrada no campo										
Recollida de datos										
Análise dos datos										
Redacción do informe										
Difusión de resultados										

---

## 6. ASPECTOS ÉTICOS

---

Á hora de realizar este proxecto de investigación, tivéronse en conta unha serie de consideracións éticas:

En primeiro lugar, antes de levar a cabo o estudo de investigación, someterase o proxecto á revisión do **Comité de Ética da Investigación e a Docencia da UDC** co fin de que se cumpran os aspectos éticos establecidos en torno á profesionalidade, liberdade, responsabilidade, creatividade, honra, respecto, xustiza, lealdade, ben común e confidencialidade establecidos por dito órgano independente. Por un lado, a todos os participantes do estudo ofreceráselles unha **folia de información** (Apéndice II) onde se pretende explicar cal é o obxectivo do estudo e por qué é necesaria a súa colaboración. Ademais, para que quede constancia de que todos os participantes entenderon estas especificacións e están de acordo co que se expón, facilitaráselle un **consentimento informado** (Apéndice III) que deberán asinar comezar a formar parte de estudo.

Á hora de tratar a información aportada polos participantes tamén se ten en conta a Lei Orgánica 15/1999. Deste xeito garántese e protéxense os datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas. De igual forma, tamén se considerou o Regulamento Xeral de Protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 para a cesión, tratamento e comunicación destes datos.

Deste xeito, asegúrase que a información obtida será confidencial e para iso recollerase de forma codificada e plasmarase ao longo do traballo de xeito anónimo. No caso das entrevistas e o grupo de discusión que serán gravados con previa autorización, farase unha destrución das mesmas unha vez finalizado o estudo.



Por último, en todo momento se lle garante aos participantes a  
posibilidade de abandonar o estudo se así o consideran.

---

## 7. PLAN DE DIFUSIÓN DE DATOS

---

### 7.1. Congresos.

#### Nacionais

- *Congreso da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía (SEGG)*. Madrid, 7 a 9 de Xuño 2021.
- Congreso internacional envellecemento saudable en San Sebastián (SEMEG). Madrid, xuño 2021.
- Congreso Estatal de Terapia Ocupacional. Madrid, Setembro/Outubro 2021 (pendente de confirmación).

#### Internacionais.

- 18º Congreso Mundial de Terapia Ocupacional. París, 2022.
- Congreso internacional de Terapia Ocupacional (CITO). Alicante, Maio 2021.
- XV Congreso Mundial de Socioloxía Rural. Cairns (Australia) 10 de Xullo de 2021.
- Congreso da Federación Iberoamericana de Asociacións de Persoas Adultas Miores (FIAPAM). (Información pendente, aínda que se estima que se levará a cabo en Latinoamérica no orzamento).

### 7.2 Revistas.

#### Nacionais.

- Revista de terapia ocupacional de Galicia (TOG).
- Revista española de Geriatría y Gerontología  
Factor de impacto SJR: 0,24 - Q3.
- AGER: Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural.  
Factor de impacto SJR: 0,212 - Q3.

#### Internacionais.

- Scandinavian Journal of Occupational Therapy

Factor de impacto JCR: 1,316 - Q1.

- *Cadernos Brasileiros de Terapia Ocupacional – Brazilian Journal of Occupational Therapy.*

### 7.3 Comunidade.

Os resultados obtidos no estudo serán difundidos na comunidade mediante diferentes métodos:

- *Asociación de veciños*: os resultados serán difundidos mediante unha xuntanza na asociación veciñal co obxectivo de que os participantes no estudo coñezan e opinen sobre as conclusións ás que se chegou a partires das súas aportacións.
- *Concello de Ponteceso*: solicitarase unha reunión co equipo de goberno do concello de Ponteceso e cos xestores de recursos sociais do municipio co fin de trasladarlle as conclusións obtidas acerca das necesidades ocupacionais atopadas así como das posibles alternativas xeradas pola propia poboación participante no estudo. Deste xeito, preténdese fomentar a creación de recursos adaptados as necesidades reais da poboación.
- *Dirección do futuro Centro de Investigación, Formación e Coidado de Persoas Miores*: tamén se solicitará unha reunión cos xestores do futuro centro co fin de contribuír na construción dos plans de acción e intervención que se implantarán no mesmo.

## 8. FINANCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

### 8.1 Recursos necesarios.

Na seguinte táboa presentase un orzamento estimado dos custos que supoñen os recursos necesarios para levar a cabo este proxecto.

Táboa IV: Recursos necesarios

Recursos	Custo	Total
<b>Infraestructura</b>		<b>0€</b>
- Domicilios particulares	0€	
- Instalacións Universidade da Coruña (UDC)	0€	
<b>Recursos Humanos</b>		<b>21.000€</b>
- Terapeuta ocupacional (XV Convenio colectivo de atención a persoas con discapacidade)	1.750€	
<b>Materiais</b>		<b>600€</b>
- Material de oficina (tinta impresora, papel, etc)	500€	
- Grabadora	35€	
- Impresora	65€	
<b>Desprazamentos</b>		<b>798€</b>
- Vehículo propio (0,19€/kilómetro según a Axencia Tributaria)	38€	
<b>Comunicacións</b>		<b>480€</b>
- Liña de teléfono móbil e acceso á internet	20€	
<b>Difusión de resultados</b>		<b>6.180€</b>
- Inscripción a congresos*	1.180€	
- Dietas e transporte	5.000€	
<b>Outros</b>		<b>1.453€</b>
- Fondo de emerxencia para posibles contratempos (5% do presuposto total)	1.453€	
<b>TOTAL</b>		<b>30.511€</b>

\* Naqueles casos onde os eventos aínda non están publicados, tívose en consideración o valor da última edición.

## 8.2 Posibles fontes de financiación.

Aquí se reflexan as posibles axudas coas que pode contar a investigación, tanto de entidades públicas como privadas.

Táboa V: Posibles fontes de financiación

Entidade ou Organismo	Tipo	Nome da axuda	Cuantía	Convocatoria
Obra Social "La Caixa"	Privado	Interculturalidade e acción social	40.000€	2020
Mapfre	Privado	Axuda á investigación de Ignacio H. de Larramendi	30.000€	2020
Comisión Europea	Público	"Rights, Equality and Citizenship Programme"	Variable	2020
Xunta de Galicia	Público	Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación.	Variable	2021

---

## 9. AGRADECIMENTOS

---

En primeiro lugar, quero agradecerlle as miñas titoras que me acompañaran e guiaran durante a realización deste proxecto de investigación.

Tamén me gustaría darlle as grazas á miña familia, por apoiarme en todas as miñas decisións académicas e persoais, e por darme ánimos e consellos naqueles momentos onde me encontraba máis perdida.

Grazas as miñas amigas e amigos, en especial a Noe, por estar sempre para escoitarme e comprenderme. Tampouco me esquezo de ti, nin do resto de persoas que pasaron pola miña vida nestes últimos anos, para aportarme momentos de plena felicidade. Sen vos, o meu proceso de aprendizaxe e crecemento persoal, non sería o mesmo.

Non podo deixar de mencionar a Ana, a cal se embarcou xunto a min nunha viaxe que recordaremos o resto das nosas vidas e tamén a todas aquelas persoas que fixeron a nosa estancia en Chile unha experiencia moi enriquecedora.

Para finalizar, moitas grazas á Terapia Ocupacional, por ensinarme a ser mellor persoa.

## APÉNDICE I: BUSCA BIBLIOGRÁFICA.

Á hora de levar a cabo este proxecto foi preciso realizar unha busca bibliográfica exhaustiva a fin de coñecer cal é a evidencia científica actual acerca da temática a tratar. Para iso, utilizáronse as seguintes bases de datos:

- PubMed
- Scopus
- Lilacs
- Dialnet
- OT Seeker

Para realizar dita busca utilizáronse unha serie de palabras clave como **Terapia Ocupacional, envellecemento, medio rural e persoas maiores**. A partir destas xurdiron unha serie de descritores que se amosan a continuación:

- Terapia Ocupacional: “terapia ocupacional”, “ciencia ocupacional”, “justicia ocupacional” / “occupational therapy”, “occupational science”, “occupational justice”
- Envellecemento: envejecimiento/ aging, ageing.
- Medio rural: rural\*/ countryside\*, rural\*
- Personas mayores: “persona mayor”, “personas mayores”, “adulto mayor”, “adultos mayores” / “old people”, “old person”

A estratexia de busca realizouse combinando os distintos descritores con operadores booleanos como “AND/ Y” e “OR/ O” para formar unha frase de busca. Ademais tamén se utilizou o asterisco (\*) para truncar algunhas palabras e conservar só a raíz e as comillas (“”)



para agrupar dúas palabras que actúan como un so descritor. No caso da base de datos PubMed tamén se fixo uso dos termos Mesh.

*Táboa VI: Estratexías de busca*

Español	“terapia ocupacional” OR “ciencia ocupacional” OR “justicia ocupacional” AND envejecimiento OR “personas mayores” OR “persona mayor” OR “adulto mayor” OR “adultos mayores” AND rural*
Inglés	“occupational therapy” OR “occupational justice” OR “occupational science” AND aging OR ageing OR “old people” OR “old person” AND rural* OR countryside*

Tomando como guía a estratexia de busca anterior, levouse a cabo unha selección de artigos e publicacións nas distintas bases de datos:

*Táboa VII: Estratexias de busca en LILACS*

LILACS	
Estratexia de busca	“terapia ocupacional” OR “ciencia ocupacional” OR “justicia ocupacional” AND envejecimiento OR “personas mayores” OR “persona mayor” OR “adulto mayor” OR “adultos mayores” AND rural* “occupational therapy” OR “occupational justice” OR “occupational science” AND aging OR ageing OR “old people” OR “old person” AND rural* OR countryside*
Resultados	4
Seleccionados	2

Táboa VIII: Estratexias de busca en OT SEEKER.

OT SEEKER	
Estratexia de busca	“terapia ocupacional” OR “ciencia ocupacional” OR “justicia ocupacional” AND envejecimiento OR “personas mayores” OR “persona mayor” OR “adulto mayor” OR “adultos mayores” AND rural*
	“occupational therapy” OR “occupational justice” OR “occupational science” AND aging OR ageing OR “old people” OR “old person” AND rural* OR countryside*
Resultados	6
Seleccionados	0

Táboa IX: Estratexias de busca en SCOPUS.

SCOPUS	
Estratexia de busca	“terapia ocupacional” OR “ciencia ocupacional” OR “justicia ocupacional” AND envejecimiento OR “personas mayores” OR “persona mayor” OR “adulto mayor” OR “adultos mayores” AND rural*
	“occupational therapy” OR “occupational justice” OR “occupational science” AND aging OR ageing OR “old people” OR “old person” AND rural* OR countryside*
Resultados	10
Seleccionados	0

Táboa X: Estratexias de busca en PUBMED

PUBMED	
Estratexia de busca	“occupational therapy” [tiab] OR “occupational justice” [tiab] OR “occupational science” [tiab] AND aging [tiab] OR ageing [tiab] OR “old people” [tiab] OR “old person” [tiab] AND rural [tiab] OR countryside* [tiab] AND occupational therapy [mesh]
	“terapia ocupacional” [tiab] OR “ciencia ocupacional”[tiab] OR “justicia ocupacional” [tiab] AND envejecimiento [tiab] OR “personas mayores” [tiab] OR “persona mayor” [tiab] OR “adulto mayor”[tiab] OR “adultos mayores” [tiab] AND rural* [tiab]
Resultados	15
Seleccionados	1

Táboa XI: Estratexias de busca en DIALNET

DIALNET	
Estratexia de busca	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terapia Ocupacional rural.</li> <li>- Envejecimiento en el ámbito rural.</li> <li>- Terapia Ocupacional y envejecimiento.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rural Occupational Therapy</li> <li>- Rural Ageing.</li> <li>- Occupational Therapy Ageing.</li> </ul>
Resultados	221
Seleccionados	5

No caso desta base de datos o número de artigos encontrados na busca difire considerablemente do número de artigos seleccionados xa que a propia base de datos non dispón da posibilidades de realizar unha busca con operadores booleanos. Deste xeito, é necesario levala a cabo mediante “termos libres” polo que o resultado resulta máis impreciso

Como resultado da busca nas diferentes bases de datos obtivéronse 256 resultados. Unha vez descartados os duplicados, estes reduciuse a 240 publicacións. Para afinar máis a selección só se tiveron en conta aqueles resultados que cumpriran os seguintes criterios:

- Acceso ao texto completo dende a rede ou dende os servizos de información da biblioteca da UDC.
- Texto publicados en galego, castelán, inglés ou catalán.

Deste xeito, a selección diminuíu ata os 169 artigos os cales se someteron a unha revisión superficial atendendo ao título e ao contido do resume co fin de escoller aqueles afíns a temática do estudo. Unha vez finalizada esta criba, seleccionáronse 8 artigos para proceder a unha lectura crítica dos mesmos.




Figura 4: Método de selección de artigos

## APÉNDICE II: FOLLA DE INFORMACIÓN Ó/Á PARTICIPANTE ADULTO/A.

- Título do estudo: Realidades Ocupacionais das persoas maiores que habitan no rural galego, dende unha perspectiva crítica.
- Investigadoras: Zaira Tasende Villar  
Inés Viana Moldes (titora)  
Natalia Rivas Quarneti (titora).
- Centro: Facultade de Ciencias da Saúde –Campus de Oza

Este estudo cumpre cos criterios éticos requiridos polo **Comité de Ética de Investigación e Docencia da UDC.**

O presente documento ten como obxectivo presentarlle a información que vostede necesita saber sobre o **traballo de investigación onde se lle invita a participar**. Se decide formar parte deste estudo, debe recibir información persoalizada por parte do investigador, ler antes este documento e formular calquera dúbida que se lle ocorra acerca do mesmo. Ademais, vostede non ten por qué tomar a decisión de participar no momento no que está sendo invitado. Se o prefire, pode levar este documento para a casa para meditar unha resposta ou consultar acerca deste tema con outras persoas. Tamén cabe destacar que a participación neste traballo de investigación é totalmente **voluntaria**, é dicir, vostede pode decidir se quere ser partícipe ou non e está no seu dereito de cambiar de opinión durante todo o proceso sen necesidade de dar explicacións ao respecto.

### **Cal é o propósito do estudo?**

O propósito deste traballo é coñecer como é a vida ocupacional das persoas maiores que habitan no rural e determinar que factores inflúen nesta. Todo iso , dende un perspectiva crítica que permita xerar un cambio no caso de existiren situacións inxustas.

### **Por que me ofrecen participar a min?**

Porque vostede é residente en Ponteceso actualmente e, ademáis, entra dentro do grupo de idade sometido a estudo, é dicir, persoas que están xa xubiladas.

### **En que consiste a miña participación?**

A súa participación consiste en responder unha serie de preguntas que se lle formularán ao longo dunha entrevista onde se lle preguntará sobre as actividades que realiza a diario, as actividades laborais que desempeñaba cando era novo/a e, a grandes rasgos, sobre a súa historia de vida. Por outro lado, pode existir a posibilidade de retomar o contacto unha vez finalizada a entrevista, co fin de aclarar algún punto que non quedara claro ou para resolver algunha dúbida puntual ademais de para participar nun grupo de discusión. Finalmente, vostede terá a posibilidade que reunirse co equipo de investigación e os demais participantes para coñecer os resultados do estudo.

Tanto as entrevistas como o grupo de discusión, serán gravados se así o autoriza, para realizar unha posterior transcripción.

### **Que molestias e impedimentos me pode ocasionar a miña participación?**

A participación non ten ningún risco nin ocasiona ningún impedimento legal para a persoas entrevistada.

### **Obterei algún beneficio por participar?**

Os participantes non recibirán ningunha retribución económica pola súa participación.

### **Recibirei información que se obteña do estudo?**

Se así o desexa, á finalización do estudo, poderánselle facilitar os resultados deste.

### **Publicaranse os resultados deste estudo?**

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero, en ningún momento se poñerán de manifesto datos persoais que poidan levar a identificar aos participantes do estudo.

### **Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?**

Garántese a confidencialidade dos seus datos conforme ó disposto pola Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Isto quere dicir que, en todo momento, vostede poderá acceder ós seus datos, opoñerse, corrixilos ou eliminalos. Só o equipo de investigadoras do traballo terá acceso a todos eses datos, os cales serán codificados para manter en todo momento o seu anonimato. Os seus datos serán recollido e conservados hasta terminar o estudo e despois procederase á súa destrución, tanto do material transcrito como do audiovisual.

### **Existen intereses económicos neste estudo?**

O interese deste estudo é con fins académicos. Dado que é un proxecto de investigación , tanto a investigadora como as titoras non recibirán ningunha compensación económica. No caso de materializarse o proxecto, sí se recibirá financiación para sufragar os gastos que este acarree.

### **Contacto co investigador:**

Zaira Tasende Villar. Número de teléfono: 698189549. Correo electrónico: [zaira.tasende.villar@gmail.com](mailto:zaira.tasende.villar@gmail.com)

**Moitas grazas pola súa participación.**

### APÉNDICE III: DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN.

**Título do estudo:** Realidades ocupacionais das persoas maiores que habitan no rural galego, dende unha perspectiva crítica.

**Eu,** .....

- Lin a folla de información ao participante que se me entregou, puiden conversar coa investigadora **Zaira Tasende Villar** supervisada polas súas titoras neste traballo: **Inés Viana Moldes** e **Natalia Rivas Quarneti**, para aclarar todas as miñas dúbidas acerca do estudo.
- Comprendo que a miña participación é **voluntaria** e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicación algunha.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ó participante.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo .

Asdo.: A/O participante, Nome e apelidos:

Asdo.: As investigadoras que solicitan o consentimento, Nome e apelidos:



## APÉNDICE IV: GUIÓN DA ENTREVISTA.

Pasos a seguir durante a entrevista seme- estruturada.

1. Explicación aos participantes do propósito da entrevista así como dos aspectos éticos, a duración da mesma e a posibilidade de gravala se así o autorizan.
2. Aclaración de dúbidas sobre o exposto con anterioridade ou sobre calquera aspecto da participación da persoa.
3. Preguntas guía para levar a cabo a entrevista:
  - Xénero
  - Idade
  - Onde residiu ao longo da súa vida?
  - Cal foi a súa actividade produtiva antes da xubilación? E de ocio?
  - Cómo ocupas o tempo na actualidade?
  - Consideras satisfactorio o teu ocio e tempo libre?
  - Gustaríache realizar algunha actividade que non fagas na actualidade?
  - Coñeces algunha iniciativa do Concello ou de algunha asociación para a participación das persoas maiores?
  - Consideras que existen inconvintes á hora de facerse maior no rural? E vantaxes?
  - Propoñerías algún cambio para mellorar a vida no rural?

## **APÉNDICE V: GRUPO DE DISCUSIÓN E ÁRBORE DAS NECESIDADES E POSIBLES ALTERNATIVAS.**

Pasos á seguir durante o grupo de discusión:

1. Explicación aos participantes do propósito do grupo de discusión así como dos aspectos éticos, a duración do mesmo e a posibilidade de gravar o debate se así o autorizan.
2. Explicación da importancia e dereito de expresarse libremente pedindo a quenda de palabra.
3. Resolución de dúbidas e preguntas.
4. Presentación de todos os participantes e do tema que se vai a tratar recordándolles a relevancia da súa participación como membro da comunidade que expresa a súa opinión.
5. Formulación das preguntas e realización da “árbore das necesidades e posibles alternativas” de forma conxunta e debatendo as respostas entre os membros do grupo.

Preguntas que guiarán o grupo de discusión:

- Qué problemas ou necesidades atopades no voso día a día?
- Isto sucédelle a alguén máis? Estadades de acordo?
- Por qué credes que sucede isto?
- Que alternativas propoñeríades para que melloraran estas situacións?
- Concordades todos coas solucións? De non ser así, por qué?

## **APÉNDICEVII: LISTAXE DE ABREVIATURAS.**

**TFG:** Traballo de Fin de Grao.

**OMS:** Organización Mundial da Saúde.

**UE:** Unión Europea.

**INE:** Instituto Nacional de Estatística.

**IGE:** Instituto Galego de Estatística.

**WFOT:** World Federation of Occupational Therapy.

**APETO:** Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais.

**SEGG:** Sociedad Española de Geriatría y Gerontología.

**SEMEG:** Sociedad Española de Medicina Geriátrica.

**CITO:** Congreso Internacional de Terapia Ocupacional.

**FIAPAM:** Federación Iberoamericana de Asociaciones de Personas Adultas Mayores.

**TOG:** Terapia Ocupacional de Galicia.